



O pasado 30/08/2023 a xefatura de Sección de Benestar Social emitíu o seguinte informe:

“A Concellería de Política Social e Inclusión, pon en marcha un programa piloto que consiste na apertura dun Comedor Senior no centro de maiores Río Xubia.

O obxecto deste programa piloto é a posta en marcha dun comedor senior cun nº máximo de 20 prazas no centro de maiores de Río Xubia. Este servizo se iniciará o 11 de setembro e rematará o 29 de decembro.

Ao obxecto de dar cumprimento a este proxecto se abre un prazo para presentar as correspondentes solicitudes que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, (Praza de Armas s/n) en horario de 9:00 ás 14:00 horas ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común ds administracións públicas.

O prazo de inscrición se abrirá o vindeiro 5 de setembro e permanecerá aberto durante o periodo de funcionamento do comedor.

As solicitudes seguirán unha rigorosa orde de inscrición, e de acordo cos criterios de preferencia ue se relacionan a continuación .

Primeiro: Que a persona usuaria deste servizo estea empadronada no Concello de Ferrol, cunha antigüidade mínima de 6 meses.

Segundo: Que teña cumpridos 65 anos, no momento da inscrición.

Terceiro:Que viva sóa.

Cuarto: Que teña unha renda anual igual ou inferior aos 18.000 euros.

Quinto:Outras situacións non recollidas nos puntos anteriores que se estudarán con carácter individual.

No caso de empates, empregarase o criterio de rigoroso orde de inscrición.

Para acreditar os requisitos anteriores solicitarase a seguinte documentación:

- .- DNI do solicitantes
- .- Anexo I (solicitud)
- .- Certificado de ingresos anuais
- .- No caso de precisar unha dieta especial, informe médico xustificativo

Polo anteriormente exposto propónse á concelleira delegada especial de Política Social e Inclusión que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: O prazo de inscrición se abrirá o vindeiro 5 de setembro e permanecerá aberto durante o período de funcionamento do comedor.

Segundo: Aprobar os criterios que fixan a orde de preferencia para participar neste comedor.

Terceiro: Publicar a presente resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Ferrol e na sede electrónica da paxina web municipal.”

Decreto.- Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,

Dou fe,
O Secretario Xeral